



CONCELLO DE ARTEIXO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09
Móvil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 24 17
981 60 19 12

2003

- 1 -

Rf. Secretaría xeral.
Me/Jm.

D^a. MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA),

CERTIFICA: Que, pola Comisión de Goberno, en sesión ordinaria de primeira convocatoria celebrada o día vinteún de outubro do dous mil tres (21-outubro-2003), adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:-----

4º).- ASUNTOS DIVERSOS.- Pásase a dar conta dos seguintes:-----

L).- INFORME DO BIBLIOTECARIO SOBRE PARA REALIZAR UN EXPURGO NA BIBLIOTECA MUNICIPAL.- Entérase á Comisión de Goberno do seguinte teor que presenta o bibliotecario D. JOSÉ LUIS ALONSO TORREIRO: -----

"INFORME PARA SOLICITAR UN EXPURGO NA BIBLIOTECA MUNICIPAL

Desde a súa creación no ano 1989, a Biblioteca Municipal, no que ós fondos bibliográficos se refire, estivo a medrar de xeito contínuo, feito que se da ano a ano e leva a unha ocupación do espacio destinado á súa organización e clasificación.

Pero as bibliotecas dos concellos pequenos e medianos, xeralmente, non son lugares de arquivo definitivo de por vida, xa que existen outras bibliotecas destinadas a tal fin: Biblioteca Nacional, Bibliotecas do Estado, nodais... que dispoñen de depósitos axeitados para a custodia definitiva.

É común o pensar que o elevado número de volúmenes que t3en unha biblioteca fala da súa importancia, pero hai que desterrar ese pensamento, xa que, como ven de correr agora na nosa, o número de volúmenes non significa que sexan todos eles de utilidade pois moitos están xa obsoletos, infrautiulizados ou demasiado utilizados polo que agora se atopan deteriorados.

A Biblioteca Central ten unha capacidade limitada para custodiar fondos e esta capacidade está a punto de completarse polo que, en base ó anteriormente exposto e có obxecto de ter unha colección de libros o máis actualizada posible, é necesario que o goberno municipal se convenza de que a calidade dunha Biblioteca está fundamentalmente nos fondos, tanto de libros como de audiovisuais, que respondan ás expectativas dous usuarios en canto a actualidade, calidade dos textos e variedade fundamentalmente e non no número mior ou menor xa que pode suceder que unha alta prcentage destes libros sexa inoperante e infrautiulizada por non aterse a esas 3 variables.

Así pois, a capacidade da Biblioteca Central e o seu depósito está próxima a ser totalmente ocupada e necesítase facer un expurgo que propoño do seguinte xeito:

1. *Aqueles libros que, polo seu deterioro, non sexan xa operativos para os usuarios.*

.../...

COMPROBADA A EXACTITUDE DOS DATOS
O Bibliotecario / a





CONCELLO DE ARTEIXO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09
Móvil: 696 45 45 34
Fax: 981 60 24 17
981 60 19 12

- 2 -

2. Libros que xa non son susceptíbeis de seren utilizados pola súa obsolescencia xa que os datos que presentan non serven xa de nada por estaren superados por outras publicacións máis modernas.
3. Infrutilización dos mesmos por parte dos usuarios de xeito que, practicamente, non se levan nos últimos anos en préstamo.
4. Respetar os libros que, aínda que teñan estas características de deterioro ou obsolescencia, se caractericen por un interese histórico ou que se refira a temas locais.
5. A tal efecto faríase un listado no que se explicarían as causas da solicitude de expurgo de cada libro rexistro da Biblioteca e no programa informático.
6. Aqueles libros susceptibles de seren expurgados e que se atopan en mellor estado físico poderían seren vendidos ó público usuario da Biblioteca a precios módicos e que reviriría na mesma biblioteca para novas adquisicións.
7. Ademais pódense ofertar ás Asociacións Veciñais para que formasen parte dos seus fondos particulares, se é que teñen interese na idea.
8. Tódolos demais libros serían obxecto da reciclaxe puramente.

Con todo elo, conseguiríamos unha Biblioteca actualizada continuamente, sen rémoras de grandes cantidades de libros que tan só dan unha carga inoperante para ocupar espazo e, como se di popularmente: "Morrer nos andeis".

Os nosos fondos serán operativos para os usuarios nunha alta porcentaxe así como a información que se brindaría ó público, máis actualizada e dinámica.

Con todo, a Biblioteca tería unha colección continua de, aproximadamente 20.000 volumes pero, insisto, todos eles susceptibles de utilización.

Para máis información remito ás normas do manifesto da UNESCO sobre bibliotecas públicas, ás normas da FIAB e ás bibliotecas catalanas en xeral, e as que xestiona a Fundación Germán Sánchez Ruipérez de Salamanca xa que utilizan estes criterios para definir o que é unha Biblioteca moderna."-----

A Comisión de Goberno, por UNANIMIDADE E EN VOTACIÓN ORDINARIA, acorda prestar aprobación ó devandito informe e que se proceda a iniciais trámites necesarios para a realización do oportuno expurgo."-----

Para que así conste e surta os oportunos efectos, expídese a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente (Do borrador da acta da sesión, Artº. 206 do R.O.F.), en Arteixo, a vintedous de outubro do dous mil tres de outubro do dous mil tres."-----

Por delegación, Decreto 1009/03

Asdº.- María Isabel Vila Vilas.
PRIMEIRA ATE. ALCALDE.

